

UNA VIDA NO TAN SIMPLE

1130

Félix Viscarret, 2023

ESTREA EN NUMAX: 30.06.2023 | V.O. | 107 min

Isaías, 40 anos, era un prometedor arquitecto. Agora pasa os seus días entre o seu estudio de arquitectura e o parque á saída da escola, onde xoga cos fillos. Estea onde estea, Isaías sente que non está onde debería. Coa súa muller Ainhoa nótanse o paso dos anos e o esgotadores que poden ser os nenos. Isaías comeza unha amizade con Sonia, nai doutro neno do cole, que lle vai amosar que isto de criar aos teus fillos entrar na vida adulta non é tan simple.

«Unha comedia dramática tan aguda e clarividente coma atinadamente agre»

Luis Martínez, EL MUNDO



Intensa, doce e momentánea

Por Alfonso Rivera

No outubro do ano pasado o navarro Félix Viscarret presentou na Seminci de Valladolid *No mires a los ojos* (2022) e agora compite na Sección Oficial do 26º Festival de Málaga co seu último traballo, *Una vida no tan simple*. É todo un luxo contar con dúas obras tan seguidas dun dos cineastas españois que con cada nova longametraxe sobe un chanzo na súa peripecia á hora de narrar, mantendo un pulso excelente tanto no suspense (co seu anterior filme) como na comedia, ambos con fondo dramático/existencial.

Aínda que os personaxes de *Una vida no tan simple* e as súas casas parecen sacados dunha revista de moda e decoración, o filme contéplase cunha lixeireza harmoniosa, con sorriso nos labios a maior parte da súa metraje, aínda que non deixe de abordar temas profundos e máis serios do que parece a primeira vista.

Por exemplo, a crise laboral e a vacuidade do éxito profesional, cuns tipos (os envexados triunfadores) que venderon ata a vergonza por estar no alto do mundo da arquitectura, pois é o oficio ao que se adica o protagonista, encarnado por un Miki Esparbé como nunca o viramos, surfeando con talento entre a desorientación, o caos, o ridículo, a tenrura e o fráxil amor propio, mallado polos envites do destino.

Tamén Viscarret diseña con sutileza e sensibilidade ese tempo crítico que é con frecuencia a corentena, unha etapa vital de autoanálise na que se debería ter todo baixo control, pero que na realidade dista moito dos obxectivos soñados. A rutina do matrimonio e a autoesixente paternidade moderna (algo que non viramos moito no recente cinema español) tamén se dan cita nunha comedia -non tan simple- que, baixo todo ese verniz de filme vistoso e belamente fotografado encerra amargura, bastante melancolía e un fondo amor por eses fillos que conducen o protagonista ao desconcerto.

Hai que destacar tamén a soberbia química edificada entre o personaxe central e o seu colega, encarnado por Álex García: ambos deseñan -grazas ao guiión do propio Viscarret- un retrato da amizade masculina (cómplice á vez que inmadura) na que resulta fácil recoñecerse ou recoñecer a achegados.

Con todo isto, Viscarret construíu un deses títulos que acaban seducindo sen présas, inoculando sutilmente dentro do espectador algo parecido á sensación de felicidade; porque esta é como o *soufflé* (menciónao o personaxe secundario que encarna o gran Ramón Barea, referíndose ao subidón dos premios recibidos): intensa, doce e, lamentablemente, momentánea.